ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2018.

Asistentes:

SANDRA BEIS SILVA
MARÍA JOSEFA CODESIDO BARREIRO
ADELA ISABEL IGLESIAS TOJO
GEMMA VERÓNICA LÓPEZ DE FUENTES
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ
JESÚS MARTÍNEZ PEREIRA
RAUL M. MÍGUEZ LÓPEZ
MARÍA VICTORIA PAZOS PÉREZ
MANUEL PUGA GARCÍA
ALFREDO SOUTO CASTELO

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día quince de febreiro de dous mil dezaoito, reuníronse os señores concelleiros da marxe ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno do Concello para a que foran previamente convocados, baixo a presidencia do señor Alcalde, D. Ignacio Codesido Barreiro, e coa asistencia do Secretario titular, D. José Antonio Gómez Pedreira.

Reunindo os asistentes o quórum necesario para a válida celebración das sesións, polo señor Alcalde abriuse a sesión cos seguintes puntos na orde do día:

I.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 29 DE DECEMBRO DE 2017.

Remitida aos señores concelleiros a acta da sesión celebrada o día 29 de decembro de 2017 e non existindo desconformidade coa mesma, é aprobada por unanimidade.

II.- APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2018.

Dáse conta da reclamación presentada por D. José Manuel Fernández Vázquez contra a aprobación inicial do orzamento do exercicio do ano 2018, aprobado inicialmente en data 29 de decembro de 2017, con amparo nos artigos 170.1 e 170.2.b) do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; fundamentando a súa reclamación, principalmente, na necesidade de crear tres postos de traballo con fins urbanísticos e medioambientais, modificación de créditos destinados ao programa 1523-Vivenda, modificación dos créditos destinados ao programa 336-Protección e xestión medioambiental do patrimonio histórico-artístico, inclusión de diversos colectivos na relación de subvencións directas e necesidade de orzamento en adquisición de dous desfibriladores.

Igualmente tense dado conta do informe do Secretario-Interventor, no que se establece que a reclamación de ser aceptada podería afectar á nivelación e estabilidade orzamentaria e tampouco acredita que se houberan omitido os créditos necesarios para o cumprimento das obrigas legais esixidas ao Concello en virtude dun precepto legal.

Polo señor Xoán Antón Louzao, en nome e representación do grupo do BNG, maniféstase que o seu grupo xa ten votado en contra do orzamento tal e como se ten recollido na correspondente acta, e aínda que podería coincidir en algunha das propostas que se reclaman, existen outras nas que non poden coincidir. Nese sentido o señor Louzao fai referencia á necesidade de subvencionar a certas entidades tal e como se ten posto de manifesto igualmente no pleno no que se debateu o orzamento, e tendo en conta esas consideracións sobre as propostas do seu grupo sobre a necesidade de subvencionar ás

asociacións, tamén quere poñer de manifesto que non está de acordo coa regulación excesiva das subvencións nominativas, entendendo que só se deberán referir a cousas moi concretas, anunciando a abstención do seu grupo á reclamación proposta.

Pola señora concelleira Dª Gemma Verónica López de Fuentes, en nome e representación do grupo do PSG-PSOE, toma a palabra para manifestar que a nosa postura no referente aos orzamentos Touro 2018 está moi clara: no pasado Pleno ordinario do 29 de decembro, votamos en contra de tales contas, é dicir, dende o PS de G fixemos unha emenda á totalidade do orzamento.

En segundo lugar, no asunto relacionado coas alegacións presentadas e que hoxe nos traen aquí, e que a formación política vendeu en prensa como fito histórico o feito de presentar por primeira vez alegacións a uns orzamentos, vemos certo oportunismo político de cara a unha próxima cita electoral. Claro que si compartirmos moitas desas demandas, sobre todo o exceso nos gastos de goberno, agora ben, somos sabedores da realidade.

O PP de Touro ten maioría, e tristemente estas alegacións teñen un corto percorrido.

Por último, esta formación política En Marea Touro, para contar co hipotético apoio, debería terse comunicado co resto dos grupos da oposición, algo que seguimos botando en falta: o diálogo e o respecto entre as distintas forzas políticas. Por todo isto, a nosa posición vai ser abstención.

Sometida a votación a reclamación, o Pleno, por oito votos en contra (grupo do PP) e tres abstencións (grupos do BNG e PSG-PSOE), rexeita a mesma e conforme ao establecido no artigo 169.1 do citado R.D. 2/2004 e declarase aprobado definitivamente o orzamento do exercicio 2018, aprobado inicialmente o 29 de decembro de 2017.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo señor Alcalde declarouse finalizada a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do día ao principio indicado, levantándose a presente acta autorizada coa firma do señor Alcalde e de min, o Secretario, que dou fe.